

Incidencias na elaboración da historia clínica

Expediente: I.5.Q/4364/22

Santiago de Compostela, 4 de Outubro de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dunha cidadá respecto da información na súa historia clínica sobre as alerxias que presenta.

ANTECEDENTES

No seu escrito, indícanos que:

“Hospital XXX el 14 de septiembre tenía que ser operada de una artrodesis lumbar, hernia |1|2, reconstrucción, y descompresión del nervio, me bajan a quirófano a las 8 de la mañana, porque soy alérgica al látex y tenía que tener el quirófano preparado para mí, cuando llego a la planta de quirófano, la celadora pregunta (para que quirófano va) y le contestan (para cualquiera) la cual contesta la celadora (para cualquiera no, es alérgica al látex) a la cual le debo el haber salvado de entrar en cualquier quirófano, ya entraran todos, puesto que el neurocirujano no llego ni a la hora, llego a las 8,20 vestido de ciudadano, cuando estaban las anestesistas conmigo, y poniendo todas las bolsas de suero, medicación no sé lo que realmente era pero eran muchas cosas, encima de mi cama y las anestesistas ya miraran si había un quirófano para mí, lo cual no habían puesto que lo habían ocupado, pero lo más sorprendente es que cuando llega el doctor XXX y habla con las anestesistas, vino junto de mí y puedo decir que me acuso de no haber dicho que era alérgica al látex y que no se lo había comunicado a la anestesista cuando tuve la cita con ella, digo acusar, porque yo le contesté que no era verdad, que si se lo había transmitido ya que debo de llevar conmigo el pasaporte de alergias que poseo, lo cual me dice que no era verdad que pensaba que era fallo de él pero que yo no había comunicado nada, yo con los nervios de la operación y lo que me decía me quedé callada.

Me subieron a la habitación a las 9 menos diez, y el doctor XXX se presentó en la habitación sobre las 3 y cuarto diciendo que si era verdad que se lo había dicho pero ni una disculpa ni nada vino con el parte de alta y que me volverían a programar la operación, llego el 28 de septiembre cuando me llaman para ingresar y con lo que había pasado le dije que era alérgica al látex, lo que me contestaron que quien tiene que saber eso era el doctor, que ellos ya lo sabían e incluso me dijeron de poner una reclamación pero la verdad es que tenía pánico.

Fui operada el 29, cuando despierto en reanimación me dicen que debería hacer pruebas de alergia porque algo que me pusieron en la piel quedaba rojo, tengo que ser sincera yo no vi ni sentí nada, también me dijeron que el jueves pasaría el doctor XXX a decirme como salió la operación, aún estoy esperando a día de hoy, en los 6 días de ingreso no pasó ni un solo día el que pasaba era el doctor XXX, que el mismo me dijo que parecía raro que no pasara el doctor XXX pero se quedó ahí yo sabía porque no pasaba porque se debió liar la que se lió ya que el día de la operación nadie preguntaba para que quirófano iban ya que las camas estaban enumeradas, si lo mío sirvió de algo me alegro de corazón para otros pacientes.

Por cierto, quien me dio de alta fue el doctor XXX, pero yo dije no me iba del hospital sin hablar con el doctor XXX por la morfina que ponía en el parte de alta, cual es mi sorpresa que vino el doctor XXX, yo sabía que estaba en el hospital ya que mi marido coincidía en el comedor con él.

Contestación del doctor eso no le hagas caso es copiar y pegar (alucine) última visita 4 de noviembre 90 km para mandarme hacer una resonancia y unas placas las cuales están hecha la resonancia el 7 de diciembre y las placas el 28, ya que el 6 de diciembre estuve en el hospital de XXX con medicación por vena con mucho dolor lumbar, estuve en marzo, en urgencias en XXX, y el dolor no pasa, a la semana de la resonancia me lo explica mi medica de familia y no lo podía creer, de hecho estaba pensando que estaba leyendo la resonancia antes de operarme, pero desgraciadamente no es así vuelvo a tener lo mismo hernia en el mismo sitio la t11 y la t12 las limó por un lado y salieron por otro, y a día de hoy sigo sin tener una cita con ese doctor, pido que me escuchen que me ayuden con el dolor llevo va hacer en octubre 3 años con morfina, estoy con el urólogo, con digestivos por náuseas y sin nada de apetito y tomando jarabe para abrir el apetito pero todos acaban diciendo que es problema de la operación, solo pido un poco de humanidad, entiendo que puede salir mal la operación por las circunstancias de mi columna, pero solo quiero que me mire el doctor y sobre todo porque salió como salió sabiendo como era mi estado ya que solo la pudo fijar del lado derecho, no voy a mentir ya fui a privados, Coruña y el neurocirujano doctor XXX.

Non recibín rehabilitación ningunha. Están supervisándome en uroloxía, en dixestivos, psicólogo, psiquiatra a consecuencia da operación e de todo o procedemento anterior, durante e posterior a ela. Pido axuda para que podan evaluarme o facultativo polo cal teño que ser revisada para poder axudar a levar unha vida máis levadeira na que non teña que depender de ter o fillo ou o home na casa para as tarefas da casa e sobre todo o meu coidado”.

A queixa foi admitida a trámite e requirimos informe desa administración sobre as cuestións promovidas pola interesada. En dito informe indícase o seguinte:

“En resposta á reclamación presentada, revisada a información asistencial existente constan os seguintes datos:

- Consulta no servizo de alerxias no ano 2005, que emite un informe con diagnóstico de alerxia ao látex, entre outras. Este informe non é visible, polo tempo transcorrido, na pantalla de entrada da historia clínica (que só aporta os episodios dos últimos 5 anos).
- No epígrafe de Alerxias da historia clínica, específico, non consta mecanizada a alerxia ao látex ata o mes de setembro de 2021 {en concreto, consta realizada polo doutor XXX}. Con posterioridade foron engadidas outros rexistros de alerxia.
- Foi incluída en lista de espera para cirurxía de hernia discal o 6/8/2021 e pasada a consulta de anestesia o 28/06/2021. En ningunha das dúas consultas hai constancia de que se identificara alerxia ao níquel, nin que fora premedicada por anestesia a tal efecto, o que fai supoñer que non se coñecía ou non se contemplou ese antecedente polo equipo asistencial previo á intervención.
- Ingresou para operar o 14 de setembro e anulouse a cirurxía por non ter preparación previa pola alerxia. Reprogramouse e operouse o 20 de setembro de 2021. A cirurxía transcorreu sen complicacións.
- Consultado o servizo de neurocirurxía informan de que tivo unha revisión postoperatoria en novembro de 2021 e están pendente de citar unha nova revisión. Non constan consultas en atención primaria por dor de costas nin nos servizos de urxencias, pero á vista das afirmacións da reclamación (dor persistente) seralle enviada a data de consulta nos vindeiros días polo servizo de admisións“.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

No informe trasladado por esa administración sanitaria deixase constancia de que no ano 2005 a doente foi diagnosticada polo servizo de alerxias de alerxia ao látex, trasládase asemade que, este informe non é visible, polo tempo transcorrido, na pantalla de entrada da historia clínica posto que esta só aporta os episodios dos últimos 5 anos, circunstancia que responde aos procedementos internos do SERGAS e lle é totalmente allea a doente, polo que esta descoñece se a súa alerxia ao látex deixa de obxectivarse na pantalla de entrada ao seu historial clínico ou non.

Tamén se deixa constancia de que no epígrafe específico de Alerxias da historia clínica, non consta mecanizada a devandita alerxia ao látex ata o mes de setembro de 2021, sendo o doutor XXX o facultativo que realiza a devandita anotación.

Descoñece esta institución se debe ser o facultativo responsable do servizo de alerxias que diagnostica á paciente no ano 2005 o encargado de facer constar no epígrafe de “alerxias” sinalado por esa administración sanitaria o devandito diagnóstico das alerxias

obxectivadas, ou esta tarefa é competencia doutro profesional sanitario, pero en último termo, trátase de información clínica relevante que debe ser incluída por algún profesional no epígrafe de Alerxias da historia clínica da paciente co obxecto de que esta información estea sempre presente e sexa facilmente accesible ao resto de profesionais sanitarios desde o momento no que se constata a alerxia en cuestión.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano o seguinte **recomendación:**

“Que se transmita un recordatorio de información aos profesionais sanitarios co obxecto de que se reflexen no epígrafe de Alerxias da historia clínica dos enfermos as posibles alerxias dos doentes”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo